

Modificación do horario do profesorado

Cal será o horario do corpo de mestras?



37,5 horas

Horario fixo no centro

- ▶ Lectivas: 23 horas
- ▶ Non lectivas: 5 horas



Horario non fixo

- ▶ Non presenciais: 9,5 horas


▶ Renúnciase á recuperación do horario lectivo de 21 h vixente ata 2011, consolidando unha perda de dereitos.

▶ Fálase de horas lectivas, mentres que nos restantes corpos se emprega sesións, introducindo unha diferenza terminolóxica que pode ter consecuencias na organización dos horarios e na interpretación das cargas lectivas.

▶ Non se contempla unha liberación horaria para titorías e coordinacións, como si acontecerá noutros corpos a partir do vindeiro curso.

▶ Segue sen dotarse o corpo de máis docentes, o que agrava a sensación de abandono que veñen sufrindo as mestras e mestres e volve situar este corpo nunha posición claramente discriminatoria.

Cal será o horario dos restantes corpos?



37,5 horas

Horario fixo no centro

- ▶ 18 sesións lectivas
- ▶ 5 sesións complementarias



Horario non fixo

- ▶ 7 horas de permanencia
- ▶ 7,5 horas de non permanencia

▶ En casos excepcionais, que non aparecen definidos, poderase chegar igualmente ás 20 sesións lectivas (neste caso habería redución das complementarias) mantendo na práctica unha situación igual á actual.

▶ Tomando como exemplo o acontecido no corpo de mestras, se a redución horaria non vén acompañada dun incremento dos cadros de persoal, o resultado será peor atención á diversidade, máis dificultades organizativas e un empeoramento das condicións laborais do profesorado.



1

PREGUNTA:
Baixan realmente as horas lectivas en secundaria?

RESPOSTA:
Sobre o papel, si. Pero o borrador establece a posibilidade de chegar a 20 sesións lectivas.

Se se pode chegar outra vez a 19 ou 20 lectivas, a redución deixa de ser unha garantía colectiva e convértese nunha posibilidade condicionada á organización do centro.


2

PREGUNTA:
Como computarán as gardas?

RESPOSTA:
No borrador, computan dentro do horario complementario de permanencia fixa. Tamén se indica que as gardas da mesma tipoloxía computarán como unha sesión cando sumen entre **50 e 60 minutos**.

Isto significa que non se computará cada garda de maneira individual, senón que **se acumularán os minutos das gardas do mesmo tipo**. Así, para que conten como unha sesión de garda, deberán sumar entre 50 e 60 minutos.

Por exemplo, nun centro con recreos de 20 minutos, **tres gardas de recreo computarían como unha única sesión**.



PREGUNTA:
Se imparto afíns poden obrigarme a pasar de 18 sesións lectivas?

RESPOSTA:
O borrador di que, no caso de impartir afíns, **só se poderán superar as 18 sesións lectivas coa conformidade do profesorado afectado**. Porén, a normativa anterior recollía unha protección máis clara: como norma xeral, o profesorado que impartise afíns non podía superar os 18 períodos lectivos. Pásase dunha formulación que fixaba o límite das 18 como regra xeral a outra que abre a porta a superar ese límite se existe conformidade do profesorado.

Isto pode acabar convertendo a excepcionalidade nun mecanismo de presión nos centros, especialmente cando a organización horaria veña condicionada pola falta de persoal.

3

PREGUNTA:
Se es titor ou titora, terás redución de horario lectivo?

RESPOSTA:
A redución límitase a **1 hora lectiva** e só se aplica ao profesorado que exerza a titoría en ESO, Bacharelato, FP, sempre que o faga en IES ou CPI. Queda fóra unha parte importante do profesorado con funcións titoriais.

É positivo que compute como lectiva, pero é claramente **insuficiente**. A titoría hoxe implica atención a familias, convivencia, saúde mental, orientación, absentismo, protocolos, informes, coordinación con orientación e seguimento individualizado. Unha soa sesión dificilmente cobre esa carga real.

4


5

PREGUNTA:

Se coordino o EDL ou as FCT, que redución lectiva terei?

RESPOSTA:

Para a coordinación do EDL recoñécese **unha soa sesión lectiva semanal e as complementarias fixas que determine a dirección**, mentres que para a coordinación de FCT establécese **unha sesión lectiva e dúas complementarias fixas**. A Orde do 1 de agosto de 1997 fixaba que ambas coordinacións podían ter unha redución de até 3 períodos lectivos polo que isto supón un retroceso de dereitos.



PREGUNTA:

Se es xefa/e dun departamento, que redución do horario lectivo terás?

RESPOSTA:

Se es xefa/e dun departamento unipersonal, xa **non terás ningún tipo de redución do horario lectivo**, cando a Orde anterior permitía reducir **ata 1 período lectivo**.

Nos departamentos de ata 15 membros, a redución quedaría limitada a **1 sesión lectiva**, cando anteriormente podía chegar ata **3 períodos lectivos**.

E nos departamentos de máis de 15 membros, a redución pasa a depender da **decisión da dirección**, introducindo un elemento de discrecionalidade que pode xerar desigualdades entre centros e entre departamentos.

7

PREGUNTA:

Se non teño citas concertadas na hora de atención a familias asignaranme outras funcións?

RESPOSTA:

O borrador introduce unha cuestión problemática: se non hai citas previamente concertadas: a dirección asignará ao profesorado **outras funcións non lectivas** durante ese período.

En lugar de reservarse o tempo para preparación, seguimento do alumnado, coordinación con familias, revisión de casos ou tarefas vinculadas á acción tutorial, queda condicionado á existencia de citas previas e será reconvertido noutras funcións asignadas pola dirección.

6

PREGUNTA:

Modifícanse as asignacións horarias dos equipos directivos?

RESPOSTA:

Si, pero **están supeditadas á dispoñibilidade de profesorado**. Ademais, só se recollen para os IES, CPI e EPAPU deixando fóra as restantes tipoloxías de centros.

Non se establecen criterios para establecer os cupos dos centros que permitan coñecer as necesidades reais de profesorado nos centros.

8



Reclamamos

Corpo de mestras

ESIXIMOS:

- ▶ **21 períodos lectivos** en infantil e primaria.
- ▶ Que, ao igual que no resto de corpos, se indiquen **períodos lectivos** e non horas.
- ▶ Reducións de horario lectivo para todas as **coordinacións** así como para as **titorías**.
- ▶ A actualización das **horas de dedicación dos equipos** directivos e que se establezan para os responsábeis de centro.
- ▶ 1 hora lectiva para a **coordinación entre o persoal titor e o departamento de orientación**.
- ▶ **Actualización real dos catálogos de 2007** de todos os postos de traballo de infantil e primaria.
- ▶ A **formación do profesorado** deber ir no horario lectivo, xa que non está nin nas horas de permanencia.

Outros corpos

ESIXIMOS:

- ▶ Non debe admitirse ningunha **excepcionalidade** para sobrepasar as 18 sesións lectivas.
- ▶ No caso dos centros de réxime especial ou CIFP, onde as sesións son de **60 min**, deben reducirse as sesións lectivas e complementarias fixas.
- ▶ No caso de impartir **afíns** deben reducirse as sesións lectivas a menos de 18 e eliminar a voluntariedade para superar o establecido.
- ▶ As **gardas** da mesma tipoloxía deben computar como 1 sesión cando a súa suma non sexa de máis de 50 min., e debe estar indicada a duración das gardas de transporte.
- ▶ Eliminar a asignación doutras funcións na **hora de titoría** de atención a nais e pais e alumnado no caso de non existir citas previamente concertadas.
- ▶ A **reunión de departamento** debe constar no horario semanal lectivo como así acontecía antes dos recortes.

Esiximos

- ▶ A **redución horaria para xefaturas de departamento** dentro da parte lectiva: como mínimo 1 hora para departamentos unipersoais, 2 para departamentos de menos de 15 membros e 3 para departamentos de 15 ou máis membros.
- ▶ **Negociación específica das condicións horarias do profesorado de FP e de réxime especial** (titorías de ciclo, titorías de FCT, compensación por sesións de 60 min...).
- ▶ **Máis asignación de sesións de titorías** para os ciclos básicos, medios e superiores.
- ▶ 2 sesións complementarias fixas ao profesorado representante do **Consello Escolar**.
- ▶ Que se reforce a coordinación do **equipo de normalización lingüística e da FCT**. É impresentable que se pase de 3 sesións lectivas a 1.
- ▶ Consideramos tamén insuficiente 1 hora lectiva para as figuras de coordinación ou responsable de **biblioteca** ou coordinación TIC.
- ▶ Asignación horaria lectiva para **as coordinacións de igualdade, FPP, Plan Dixital, Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudábeis...**
- ▶ **Aumento de profesorado**, para que a redución sexa real e efectiva, e que non ocorra o que supuxo a redución horaria no corpo de mestras.
- ▶ Criterios claros para o establecemento dos **cupos** dos centros de secundaria, bacharelato e FP.

Que falta?

- ▶ Baixada de **ratios** no primeiro curso de todas as etapas a partir de setembro deste ano.
- ▶ **Negociación real dun Plan de atención á diversidade** e dotación estábel de profesionais de PT, AL e Orientación en todas as ensinanzas.
- ▶ **Plan real de redución da burocracia**. Seguimos sen medidas concretas que eliminen trámites á marxe de propaganda e investimentos millonarios en plataformas informáticas.
- ▶ **Novo acordo retributivo** cun incremento do complemento autonómico para todo o profesorado.
- ▶ Redución do horario lectivo para **maiores de 55 anos** contemplada na LOE.
- ▶ Recuperación do cobro do **pagamento do verán** a persoal substituto e fin da discriminación salarial do PESSFP.